

Literatura infantil e xuvenil vasca

Xabier Etxaniz Erle

RESUMO Percorrido pola historia da Literatura Infantil e Xuvenil Vasca que comeza, segundo expón Xabier Etxaniz, en 1803, data na que ve a luz o primeiro libro escrito para nenos en lingua vasca. A partir desta data o autor establece os sucesivos períodos que se van dando nesta produción, facendo fincapé no baleiro literario que se produce a partir de 1936, fundamentalmente pola prohibición do uso do éuscaro, e nos grandes cambios da década dos 60 que se afianzan entre 1975 e 1980. Dedicada un amplo espazo a analizar as correntes actuais da Literatura Infantil e Xuvenil Vasca, exemplificándoa cos principais autores e xéneros cultivados. Finalmente fala dos libros ilustrados, do cómic, das revistas e da carencia dunha crítica literaria seria e rigorosa.

ABSTRACT Xabier Etxaniz studies the history of Basque literature for children and teenagers, starting in 1803, when the first children's book in Basque was published. He then divides subsequent output into successive periods, stressing the rupture produced in 1936, when the use of Basque was prohibited, and the cataclysmic changes of the 60s, which were consolidated in the period between 1975 and 1980. Etxaniz subjects the present trends in the genre to a detailed analysis, studying the most prominent authors and the most popular genres. He goes on to examine illustrated books, comics and magazines, and concludes by lamenting the absence of serious and rigorous literary criticism in this area.

77

Á hora de estudar a literatura escrita nunha lingua determinada hai parámetros que é imprescindible considerar: dende a propia lingua e cultura á que está unida, ata os acontecementos internacionais que, dun ou doutro xeito, inciden na devandita literatura.

No noso caso, a especificidade do éuscaro, as súas características e a situación socio-cultural que o rodea son elementos a ter moi en conta e que inflúen en gran medida na evolución e situación da lingua e a literatura vascas.

A comunidade lingüística vasca é moi pequena, hoxe en día ao redor de 700.000 persoas falan éuscaro, e ademais mentres que entre os mozos o nivel de alfabetización é moi alto, non ocorre o mesmo entre os maiores.

O éuscaro, ademais, é unha lingua illa, á cal se lle adxudican “parentes” bereberes ou caucásicos, por citar os casos máis próximos. Noutras palabras, é unha lingua non latina rodeada de linguas romances e practicamente imposible de comprender para calquera persoa que non a aprendese. Esta singularidade acentúa aínda máis o illamento da cultura vasca. Calquera castelán falante pode ler un xornal en catalán ou galego e comprender a maior parte das noticias. Pero, en cambio, a unha persoa que naceu no País Vasco e non sabe éuscaro élle imposible ler o xornal *Egunkaria*. O mesmo ocorre, por exemplo, cando se reúne o xurado dos premios nacionais de literatura infantil e xuvenil: as obras escritas en éuscaro deben levar a súa tradución; non así as galegas ou catalanas.

78 Pero este illamento vivímolo noutro sentido a nivel interno tamén. Só hai 30 anos que se procedeu á unificación do éuscaro literario, creando así unha linguaxe estándar para a expresión escrita. Polo tanto, todos os textos anteriores a 1969 (e algúns posteriores) están escritos nos diversos dialectos da lingua vasca, polo que ditos textos poden chegar a ser bastante diferentes uns doutros. Mesmo dáse o caso de escritores que publicaron libros dirixidos aos habitantes dun lugar ou unha comarca concreta (*Pernando plaentziarra*, 1957, de J. San Martín é un exemplo disto).

Esta dispersión lingüística, xunto ao reducido do mercado, deu lugar a que na literatura vasca as obras non fosen moi abundantes nin tivesen unha gran repercusión social. Pero é que, ademais, a tradición literaria en éuscaro foi bastante pobre en canto a número de obras e tardía con respecto ás correntes literarias do noso contorno. E é que en éuscaro a produción literaria tivo un marcado carácter relixioso. No País Vasco a burguesía do XIX escribía obras románticas en castelán e hai que esperar ata o primeiro cuarto do século XX para poder falar dunha literatura vasca importante de temática non relixiosa. No seguinte esquema da produción literaria vasca, obtido dos datos que ofrece o profesor I. Sarasola (1975), apréciase todo o anteriormente dito:

producción literaria	total publicados	menos reedicións	orixinais éuscaro	libros non relixiosos
1545-1600	3	3	1	1
1600-1650	11	7	6	0
1650-1700	25	13	6	1
1700-1750	34	17	5	1
1750-1800	103	43	24	1
1800-1850	186	47	26	4
1850-1900	225	64	33	4
TOTAL	587	194	101	12

Efectivamente, entre 1545 (ano no que se publica a primeira obra en lingua vasca) ata 1900 edítanse case 600 libros en éuscaro, pero tan só 12 deles non son de temática relixiosa (e deles unicamente 4 serían de literatura).

Nestas coordenadas, lingua minoritaria e practicamente sen tradición literaria, haberá que contextualizar a historia da literatura infantil e xuvenil en éuscaro. Agora ben, é verdade, tamén, que a literatura oral tivo unha grande importancia e implantación na sociedade rural vasca ata hai moi poucos anos.

O primeiro libro escrito para nenos en lingua vasca é un catecismo publicado en 1803, unha obra un tanto tardía e que se enmarca dentro da tradición relixiosa anteriormente mencionada. Pero tan só un ano máis tarde, en 1804, publícase *Ipui onac (Os contos bos)*. Esta recompilación de fábulas de Esopo traducidas por Bizenta Mogel debe o seu título ao desexo da autora de “instruír deleitando” e contrapón estas fábulas –e as súas ensinanzas– aos contos populares sen un claro obxecto pedagóxico e polo tanto “perniciosos” para a xuventude.

Ao longo do século XIX tanto Iturriaga coma Goyhetche publican recompilacións de fábulas (200 anos máis tarde que La Fontaine e medio século despois de Samaniego ou Iriarte), pero excepto esas obras didácticas non hai ningunha outra publicación directa ou indirectamente relacionada coa infancia. En 1890 A. Apaolaza publicou *Patxico Txerren*, novela ambientada no mundo rural, con claras connotacións románticas e baseada na novela *El Judas de la casa*, de Trueba. Non cabe dúbida de que se houbo algunha obra gañada pola xuventude neste século, esa obra debeu ser *Patxico Txerren*. O conflito humano, a confrontación entre o ben e o mal, a viveza do texto..., son elementos que nos fan apoiar dita suposición.

Por outra banda, en 1877 W. Webster, predicador inglés residente no País Vasco publica *Basque Legends*, unha das mellores antoloxías de contos populares vascos.

Como se pode apreciar, son mínimas as publicacións en éuscaro para nenos e mozos. A perda dos foros en 1876 e o xurdimento das ideas nacionalistas a finais de século serven para que a partir dos primeiros anos do século XX comece a emerxer unha incipiente literatura infantil e xuvenil afastada tanto en temática coma en técnica das obras universais deses momentos ou mesmo de anos anteriores.

Primeiros avances

Co inicio deste século empezan a xurdir as escolas bilingües no País Vasco e será ao amparo de ditos centros, e da necesidade de materiais en éuscaro, como se dea inicio a unha serie de publicacións para nenos.

80 Da mesma maneira que a editorial Calleja fai cos textos en castelán, hai un editor afincado en Tolosa, López de Mendizábal, que ao longo das tres primeiras décadas do século XX publicará toda unha serie de libros de lectura e de texto en éuscaro para nenos. Xunto a ditos títulos tamén se editan algúns libros relixiosos para nenos, ao igual que contos populares e a primeira obra teatral infantil escrita en lingua vasca.

Efectivamente, en 1911 publícase outro catecismo para nenos, *Umiak Autortuten eta Jaunartuten*, escrito por Imanol Arriandiaga. Será o primeiro de varios libros destas características que, se ben non contribuíron á creación dunha literatura infantil, si serviron para crear unha linguaxe infantil literaria e para potenciar as publicacións infantís. Os misais, evanxeos ou libros de vidas de santos para nenos son publicados con grande éxito nestes primeiros anos ao longo de todo o País Vasco.

Do instruír deleitando ao concienciar deleitando

En 1914 a editorial bilbaína Grijelmo comeza a publicar obras máis ou menos literarias para o público infantil. Jon Gauzekaitz publica tres obras na

colección “Umientzako ipuñak” (“Contos para nenos”) onde, a través dunhas breves narracións, onde os protagonistas son nenos, o autor intenta inculcar as ideas nacionalistas de Sabino Arana. No conto *Margarite’ren ames ixukorra* (1914), por exemplo, é moito máis importante e exacta a descrición dos sentimentos nacionalistas da protagonista, que a súa descrición física. Mesmo nun dos momentos máis dramáticos da obra, cando morre a nai de Margarite, ofrécese a conversación entre esta e a súa amiga Karmele, onde Margarite lle pregunta á súa amiga polo amor que profesa ao éuscaro: “Esan egidan, ba; ¿zergatik mate-don ainbeste euzkerea?” (Gauzekaitz, 1914: 16) (“Dime: ¿Por que amas tanto o éuscaro?”). O autor utiliza o dramatismo da acción para que as súas ideas penetren con máis forza nos lectores.

Nese mesmo ano, 1914, outra escritora, Karmele Errazti, publica *¿Amesa?*, conto moralizante encadrado igualmente dentro desta nova tendencia que denominamos “concienciar deleitando”.

Noutras obras como *Ipuin laburrak umetxoentzat* (Garitaonandia, 1922) (*Contos curtos para nenos*) ou a primeira obra teatral infantil en éuscaro, *Nekane edo Neskuntzaren babes*a (Tene Mujika, 1922) (*Nekane ou a protección da Virxe*) tamén encontramos este transfondo ideolóxico-nacionalista (sobre todo na segunda das obras), pero sobre todo hai unha intención claramente instructiva. Os contos de Garitaonandia, por exemplo, levan unha moralexa ao final, e na obra teatral a intención relixiosa prima sobre todas as demais, por suposto que tamén sobre a estética.

81

A literatura gañada

Ao igual que ocorreu na literatura universal ao longo do século XIX, varios dos libros publicados na literatura vasca a comezos do século XX foron gañados polos mozos e actualmente están incluídos nas coleccións de Literatura Infantil e Xuvenil. Os dous libros máis representativos de entre eles son *Abarrak* (Kirikiño, 1918) e *Pernando Amezketarra* (G. Mujika, 1927). Ambos os dous están ambientados no mundo rural e teñen un claro matiz humorístico; *Abarrak* é unha recompilación de situacións humorísticas, chistes e anécdotas. *Pernando Amezketarra*, pola súa parte, reúne toda unha serie de situacións graciosas onde o enxeño do protagonista (Pernando Amezketarra) fará sorrir máis dunha vez ao lector.

Ambas as dúas obras tiveron un grande éxito: publicouse unha segunda entrega de *Abarrak* en 1930, un ano despois da morte do seu autor, e mesmo a comezos da década dos 80 a editorial Elkar iniciou unha nova colección con ambos títulos, chegando a se realizar máis de 10 edicións nesa década. Hoxe en día, existe unha serie de televisión baseada nas anécdotas e ocorrencias de Pernando Amezketarra.

Tamén a literatura popular ou de tradición oral foi gañada polos nenos. As recompilacións de contos de Barbier (1931) ou de Mayi Ariztia (1934), xunto coas fábulas publicadas en 1926 por Oxobi (considerado por algúns como o mellor fabulista en lingua vasca) serviron para achegar a literatura de tradición oral á infancia. Esas obras, ao igual cás publicacións de contos populares, caracterizábanse por unha linguaxe e unhas ilustracións moi coidadas, que se deron nesa época. *Dar-Dar-Dar* (1929) ou *Txomin Arlote* (1929) son un exemplo diso. Estes contos populares preséntanse nunha edición coidada e bastante parecida á que a editorial Calleja realizaba en España. Ambas as dúas publicacións teñen ilustracións de “Txiki” (Jhon Zabalo), precursor da ilustración de libros en éuscaro e principal ilustrador vasco na primeira metade do século XX.

82

Traduccións ao éuscaro

O terceiro piar da produción de Literatura Infantil e Xuvenil Vasca (trala creación e a literatura gañada) constitúeno as traduccións dende outras linguas. Neste sentido hai que remarcar a diversidade das obras que se traduciron nun principio ao éuscaro. Ademais das fábulas podemos atopar contos dos irmáns Grimm (1929), ou de Schmid (1929) xunto a obras de O. Wilde (1927), Croce (1932) ou *El Lazarillo de Tormes* (*Tormes'ko itsu-mutila*, 1929).

Ao igual que o resto da produción en lingua vasca, non son moitas as publicacións, pero os primeiros pasos parecen estar encauzados a consolidar un sistema literario, independentemente do obxectivo “lingüístico” de moitos dos casos.

Efectivamente, ao igual que na produción orixinal, o amor á lingua (J. Altuna, na introducción dos contos de O. Wilde, xustifica o seu labor de traductor polo desexo de facerlle este pequeno agasallo á nosa nai Éuscaro: “gure

Ama Euzkerari opari txiki au egin gura ixan dautsot”) está presente en case tódalas traducións, iso e a intención de traer ao éuscaro, á cultura vasca, as obras máis importantes da literatura universal, ao igual que a función instructiva dalgunhas obras (no caso dos contos do alemán Cristoph Schmid, esta intención prima sobre as outras).

Todas estas obras –o inicio de traducións de obras universais, as recompilacións do folclore popular... xunto co labor no campo dos libros instructivos (algúns dos cales con elementos literarios, como é o caso de *Gauzen ikaskizunak umientzako*, 1925, de Lerxundi onde narra a viaxe a través do País Vasco dun grupo de mozos co seu profesor) ou de personaxes como Ixaka Lopez-Mendizabal, editor e autor de varios libros para nenos un dos cales *Xabiertxo* (1925), foi o libro de lecturas de varias xeracións– podían ter suposto o inicio da construción dunha Literatura Infantil e Xuvenil Vasca. Sen embargo, a guerra de 1936 en España e a posterior represión, ademais da influencia da segunda guerra mundial en Euskadi norte, supuxo unha ruptura en todo este proceso, convertendo o noso incipiente xardín nun deserto.

Baleiro literario

A partir de 1936 a produción de obras en éuscaro sufriu un descenso ao que hai que engadir que moitas delas fosen publicadas en lugares tan afastados dos lectores como París ou Sudamérica, nas colonias de emigrantes e exiliados.

Ademais das perdas humanas e materiais que conleva todo conflito armado, no caso vasco a prohibición do uso do éuscaro marcou este período. Así, ata 1948 non se publicou, a este lado dos Pirineos, ningunha obra para nenos en éuscaro, e as primeiras que viron a luz foron libros relixiosos (*Iesu Aurraren Bizitza*, 1948, *A vida do Neno Xesús*; *Haurren Eliz-liburutxoa*, 1949, *Misal para nenos* ou *Kristau-Ikasbidea Bertsotan*, 1950, *Catecismo en verso*). Outra vez é a Igrexa e os libros relixiosos quen dominan no panorama das letras vascas.

A escasa produción literaria para nenos redúcese a un libro de poesía (*Haur elbe haurrentzat*, 1944) escrito polo baixonavarro Oxobi e a un conto (parece ser que tradución ou versión libre dun libro ilustrado) con grandes fotografías (*Leoi-kumea*) escrito por Orixe en 1948 cumprindo un encargo do Goberno Vasco afincado en París. Ambas obras publicáronse fóra de España

polo que puideron superar a prohibición española, pero dificilmente puideron chegar aos seus destinatarios.

Esta situación crítica non é específica do País Vasco, a Literatura Infantil e Xuvenil en castelán ten unha forte carga ideolóxica imposta polo réxime (García Padrino menciona os obxectivos da recién creada revista *Flechas y Pelayos* como un “medio para la difusión de sus mensajes ideológicos destinados a la infancia (...) contribuir a moldear la generación que ha de hacer la historia del mañana”, 410-111) e a produción entre 1945 e 1950 non chega aos 100 libros anuais (Cendán, 1986: 69).

Ademais, como moi ben explica Teresa Rovira no caso da literatura catalana (Rovira, 1988: 460), practicamente non se pode falar dunha Literatura Infantil e Xuvenil clandestina ou do exilio, polo que hai que esperar a que a situación literaria se normalice para poder falar da Literatura Infantil e Xuvenil.

84

Os primeiros cambios importantes na Literatura Infantil e Xuvenil Vasca da posguerra danse a comezos da década dos 50 (período coincidente coa “liberación intelectual” que menciona García Padrino na súa obra, 513). J. Etxaide publica *ALos-Torra* (1950) obra histórica que moi ben podería considerarse xuvenil (a principios dos 80 reeditouse nunha colección de Literatura Infantil e Xuvenil); pero o principal cambio veu da man de “Kuliska sorta” unha colección de obras moi variada no seu estilo e temática, onde a Literatura Infantil e Xuvenil e a chamada literatura gañada tiveron o seu lugar. A primeira obra da colección foi unha tradución, *Noni eta Mani* (1952), do xesuíta Svensson que foi traducida polo tamén xesuíta Plazido Muxika e onde o enxalzamento do relixioso prima sobre o resto dos valores. Ao ano seguinte, Etxaide publica unha recompilación de anécdotas humorísticas en *Purra! Purra!* (1953) dando inicio a toda unha serie de obras de humor na Literatura Infantil e Xuvenil Vasca, tendencia esta que estivo practicamente presente ata os nosos días con gran peso dentro da produción.

Etxaide, nunha entrevista publicada en 1984, mostraba as diversas dificultades que tivo que pasar para poder publicar eses relatos humorísticos en éuscaro. “Eran tempos moi duros. Quixen publicar *Purra Purra* e negáronme o permiso en San Sebastián. Entón dirixinme a Madrid e valéndome de influencias conseguín o permiso, pero antes fixéronme traducir a obra”. Fixeron falta

constancia, tenacidade e influencias políticas para que esas 25 narracións humorísticas se puidesen publicar, pero tras desta obra viñeron outras do mesmo estilo como *Pernando Plaentxiatarra* (1957), *Ipuin barreka* (1958) ou *Zirikadak* (1958) onde a través do humor se intentaba achegar a literatura aos mozos.

Outro dos estamentos que loitou contra a prohibición de publicar en éuscaro foi a Real Academia da Lingua Vasca-Euskaltzaindia, quen a través de concursos ou das súas publicacións colaborou en manter un mínimo de produción, así como en cubrir algunhas das lagoas existentes (practicamente todo). Así en 1955, gracias a un concurso literario, publicouse *Amabost egun Urgain'en* (*Quince días en Urgain*), primeira novela policíaca escrita en éuscaro. Con influencias de Poe, Chejov, Alarcón, Verne, Simenon ou Dickens, esta obra escrita por Loidi tivo un grande éxito no País Vasco (chegouse a publicar en castelán en 1958) e foi a primeira obra vasca traducida ao catalán (1961). O achado casual dun cadáver enterrado hai varios anos e que ten un tiro na cabeza dá inicio a unha investigación para aclarar esa morte violenta ocorrida hai tempo. O investigador terá que loitar contra o paso dos anos e a falta de pistas ganduxando pouco e pouco os datos que consegue nas súas pesquisas. 40 anos máis tarde esta obra segue a ser lida no País Vasco por mozos e maiores afeccionados á novela policíaca.

85

Ante a falta de libros en éuscaro, Euskaltzaindia publica en 1956 *Abarrak. Cuentos y relatos. Ipuiak eta kondairak*, onde se nos mostran algúns dos contos escritos por Kirikiño a comezos de século e, en 1957 *Euskalerriko ipuiñak* (*Contos do País Vasco*). Selección de contos populares vascos “para o agrado dos lectores miúdos e os maiores, ademais de elemento de aprendizaxe para quen están estudiando a lingua vasca” segundo indica A. Irigaray, autor da obra, na introducción.

Pouco e pouco o panorama literario (e político) vai evolucionando no País Vasco e as anécdotas dun principio vanse convertendo en rutina. Aumenta de maneira importante a produción de obras en xeral e na literatura infantil e xuvenil dáse toda unha serie de cambios. Por exemplo, en 1957 publícase a colección “Umentxoen ipuiak” (“Contos Infantís”) con ilustracións a cor de páxina enteira e onde os animais son os protagonistas das diversas aventuras. En 1959 outro relixioso, o capuchino Felipe de Murieta, edita a primeira revista infantil en éuscaro: *Umeen Deia*, publicación mensual de catro páxinas e

subvencionada por unha institución oficial navarra (Príncipe de Viana), chegou a publicar 65 números e desapareceu á morte do seu creador.

Inicio da Literatura Infantil propiamente dita

A comezos da década dos 60 prodúcense grandes cambios na Literatura Infantil e Xuvenil Vasca e na do Estado. En 1955 créase o IBBY, en 1957 o INLE crea a Comisión de Literatura Infantil e Xuvenil, ou en 1959 Carmen Bravo-Villasante publica a súa *Historia de la Literatura Infantil*, etc.

Ademais, durante esta década danse toda unha serie de acontecementos socio-políticos (as protestas pola guerra do Vietnam, o maio do 68, as ideas de Marcuse, etc.) que incidirán directamente na literatura infantil e xuvenil, como indica Felicidad Orquín:

Y ese gran movimiento antiautoritario marcará los libros que se escriban para los niños, y no sería incorrecto afirmar que es a partir de la década de los 60 cuando podría hablarse con rigor de la literatura infantil. Por cuanto este sustantivo y su adjetivo tienen en cuenta, en primer lugar, la escritura, en su valor literario y poético; y en segundo, el niño en su complejidad de “sujeto en devenir” que busca el placer de la lectura más allá de la tiranía de la pedagogía. Esta apasionada afirmación no borra de un plumazo irresponsable a los grandes clásicos del siglo XIX que ya pertenecen a la literatura universal, ni tampoco obras maestras de nuestro siglo anteriores a los 60. (Orquín, 1984: 28).

No País Vasco, por outra parte, comezan a xurdir timidamente as ikastolas, centros de ensino onde se imparte a ensinanza en éuscaro, que son toleradas pero non legalizadas. Estes centros carecen de todo tipo de material didáctico e de lectura en éuscaro, polo que durante varios anos serán os verdadeiros motores (e consumidores) da produción de obras para nenos e non tan nenos como é o caso da recompilación de contos e lendas populares que realiza José Miguel de Barandiarán en *El mundo en la mente popular vasca* (1962). Este traballo investigador serviu para obter gran cantidade de lecturas para os máis novos, ao igual que o que publicou Azkue a partir de 1942 sobre o folclore vasco (Julene Azpeitia no seu *Amandriaren altzoan*, 1961, ofrécenos algúns destes textos populares xunto a sucesos ou narracións infantís).

Pero o verdadeiro cambio na Literatura Infantil e Xuvenil Vasca vén da man de Marijane Minaberry, escritora natural de Banka (Baixanavarra) e autora dunha serie de libros que deron orixe á Literatura Infantil e Xuvenil Vasca.

Marijane Minaberry publicou a súa primeira obra para nenos en 1961, *Marigorri*, unha versión dun conto coñecido; pero a partir de 1963, cos contos recompilados no libro *Itchulingo anderea...* e os poemas publicados dous anos máis tarde en *Xoia kantari*, esta escritora deu inicio aos libros para nenos onde se prima o pracer da lectura, o goce e o entretemento fronte á corrente instructiva reinante. Minaberry deu orixe á literatura infantil en éuscaro pois na súa obra, aínda que estea presente a intención moralizante, a coitada lingua-xe, as descrições, a propia narración, móstrannos a intención principal da autora, a estética. Intención que se ve aumentada no caso do libro de poemas *Xoia kantari*, onde entre os 23 poemas que se nos ofrecen, o lector pode atoparse con gran cantidade de repeticións, onomatopeas, rimas... que fan que estes poemas sinxelos sexan axeitados para o público infantil. Velaquí un exemplo de todo isto:

EURIA
Plik! Plak! Plok!
Euria
Xingilka
Dabila.

Plik! Plak! Plok!
Jauzika,
Punpeka,
Heldu da.

Plik! Plak! Plok!
Pasiola
Behar da
Atera.

A CHUVIA
Plik! Plak! Plok!
A chuvia
Anda
Á pata coxa.

Plik! Plak! Plok!
Chegou
A saltos,
Botando.

Plik! Plak! Plok!
Debemos
Sacar
O paraugas.

(Minaberry, 1965: 9)

Dos 23 poemas do libro, 7 serven de letra a cancións coñecidas. E a finais de 1997 o grupo de música folk Oskorri publicou un disco coas letras de

Minaberry co título “Marijane kantazan” (“Canta, Marijane”) en honra a esta escritora que, se ben nunca coñeceu os éxitos dos best-seller (tal vez porque sexa de Euskadi norte), non cesou de traballar en proxectos de literatura infantil e xuvenil.

Pero acaso pola conxuntura socio-política do momento ou pola gran separación existente entre a autora, o seu dialecto, e o gran público potencial, Minaberry non exerceu unha grande influencia nas tendencias e correntes da Literatura Infantil e Xuvenil Vasca en xeral. A apertura política que se estaba dando nas catro provincias do sur deu lugar a toda unha serie de novelas históricas que pretendían reavivar as ideas nacionalistas que estiveran perseguidas durante tantos anos. Mesmo anos máis tarde, na traducción de Guillermo Tell, publicada en 1976 indicábase na contraportada:

Guillermo Tell es la historia de un pequeño pueblo escondido entre las montañas; los patriotas de allí quisieron llevar ese pueblo a la libertad.

88

Pero entre Minaberry e 1975 hai unha serie de cambios provenientes, sobre todo, da pedagogía creativa, as ideas de Freinet..., xunto co labor de editoriais como La Galera que ademais da influencia que tivo de por si en todo o estado español, coeditou varios títulos en éuscaro ofrecendo aos nenos e nenas que querían ler en éuscaro unha variedade máis extensa de produtos onde elixir.

Por outra parte séguese coa tónica anterior, en 1968 éditanse 62 contos populares vascos baixo o título *Antziñako ipuiñak* (*Contos de antano*), tradúcense algúns contos de Perrault e *Marcelino Pan y Vino* (*Ardo ta ogi Martxelín*, 1968), éditanse contos ilustrados para nenos na colección “Abere alaiak” (“Os alegres animais”), pero se houbese que destacar un acontecemento neste período tal vez sería a creación da colección infantil e xuvenil “Kimu” dentro da editorial relixiosa Mensajero. Nas súas primeiras obras búscase instruír o lector, e así, xunto con obras divulgativas (libros de historia da literatura, por exemplo), publicáronse varias novelas históricas (*Amaia*, *Antso Gartzeiz*, *Eneko Haritza*, *Harkaitz elurra ari zueneko haurra...*), obras teatrais para poder representar nos centros de ensino escritas por Lurdes Iriondo (*Martin Arotza eta Jaun Deabrua* e *Sendagile Maltzurra*, 1973; *Buruntza azpian*, 1979), así como contos ou poemas escritos por nenos e mozos de diversas ikastolas.

1975-1980: a transición

A partir de 1975 a sociedade vasca viviu toda unha serie de cambios políticos, pero sobre todo sociais. Campañas en favor da lingua como a que organizou a Real Academia da Lingua Vasca-Euskaltzaindia ou movementos como a Marcha da Liberdade que chegou a reunir a medio millón de persoas son un pequeno exemplo destes cambios.

Nas ikastolas aumenta vertixinosamente o número de alumnos matriculados. Se en 1970 eran 11.885 os nenos e nenas matriculados en ikastolas, en 1974 son case 27.000 e 65.000 en 1980. Ademais en 1979 promúlgase o decreto de Bilingüismo polo que se regula o ensino do éuscaro en todos os centros escolares. Por outro lado a Coordinadora de Alfabetización de adultos creada ao amparo da Real Academia da Lingua Vasca-Euskaltzaindia crece de tal maneira que este organismo non pode facerse cargo dos máis de 45.000 adultos que se matriculan nos seus centros para aprender éuscaro.

Todos estes acontecementos teñen unha influencia directa na literatura infantil e xuvenil, a demanda de textos de lectura é tal e tan fráxil a infraestructura editorial vasca que practicamente é imposible cubrir a devandita demanda. Ademais, nesa mesma época, diversas editoriais do estado pasan a publicar os seus títulos nas catro linguas sen moito éxito no caso do éuscaro (non se coidan as traducións, a linguaxe non é a máis axeitada para os lectores, non se promocionan as publicacións, etc.).

Será a finais dos 70 ao xurdir tres editoriais vascas importantes no campo da literatura infantil e xuvenil, cando se empece a reestructurar (ou estructurar) o sector. Hordago, unha editorial que levaba varios anos con grandes éxitos de vendas con libros políticos, inicia a colección "Tximista" onde chega a publicar en moi pouco tempo arredor de 40 títulos de literatura universal (tan só se publican cinco orixinais en éuscaro, tres libros de Txomin Peillen e dúas obras de J. Etxaide). Pero ao pouco tempo a editorial entra en crise e desaparece.

Serán as editoriais Elkar e Erein as que a partir de 1980 empuxen á Literatura Infantil e Xuvenil Vasca ata os nosos días. Ambas as dúas editoriais iniciaron a súa andaina potenciando os libros infantís (tanto literatura coma libros de texto). A editorial Erein, ademais, creou en 1979 a revista *Ipurbeltz*,


que xunto a *Kili-Kili*, que tamén se editou ese ano (xa antes, en 1966, José Antonio Retolaza publicara algún número, pero foi censurada), deron orixe ás revistas para nenos en éuscaro. Hoxe en día mantéñense as dúas publicacións mensuais, pero mentres que *Ipurbeltz* tivo unha grande influencia no labor dos nosos ilustradores e serviu de plataforma a moitos deles, *Kili-Kili* mantívose gracias ás traducións de coñecidos cómics como Anacleto, Mortadelo e Filemón, Astérix, etc., xa que mentres que trala primeira revista hai un equipo editorial, *Kili-Kili* segue, hoxe por hoxe, sendo un proxecto persoal.

A literatura infantil e xuvenil moderna

A partir de 1980 a Literatura Infantil e Xuvenil Vasca comeza unha nova época onde se dan uns cambios cuantitativos, pero sobre todo cualitativos. O incremento na produción de obras é asombroso. Pásase de non publicar practicamente case nada, ou publicar unhas poucas decenas de obras, ás 300 publicacións ao ano; e ao igual que na produción de libros en éuscaro, ese crecemento mantense ano tras ano. Como se pode apreciar no seguinte esquema, a partir de 1980 hai un grande incremento na produción de literatura infantil e xuvenil.

90

PRODUCCIÓN LITERATURA INFANTIL E XUVENIL NO SÉCULO XX



Pero se este cambio é máis que significativo, non podemos esquecer o principal cambio que se deu a partir da década dos 80 (e motivada ou interrelacionada con ese cambio): a evolución cualitativa da literatura infantil e xuvenil.

Por todo isto, calquera estudio da Literatura Infantil e Xuvenil Vasca ten que ter moi claros estes cambios. A análise das obras dá paso ás correntes e

principais obras ou as máis significativas desas correntes. O abano de temas e estilos é moito máis amplo, ao igual que os cambios que se dan nalgúns xéneros.

Entre 1981 e 1984 publícanse tres obras clave na Literatura Infantil e Xuvenil Vasca: *Tristean kontsolatzeko makina* (1981), de Anjel Lertxundi, *Chuck Aranberri dentista baten etxean* (1982), de Bernardo Atxaga e *Txan fantasma* (1984), de Mariasun Landa. Estas tres obras marcan o inicio da literatura infantil e xuvenil moderna en lingua vasca. A influencia rodariana en Lertxundi, ou a de Ch. Nöstlinger en Landa, xunto coa mestura de fantasía e realidade das obras de Atxaga fan que nas letras vascas se dean unhas obras modernas non só na forma senón tamén no seu contido. O uso dos recursos literarios para conseguir un maior efecto nos lectores, xunto coa prioridade da linguaxe literaria e uns temas actuais, temas que tratan do noso eu máis profundo, dos nosos medos, dos nosos problemas, a falta de comunicación ou de cariño... como dicíamos antes, marcan o inicio da modernidade na Literatura Infantil e Xuvenil Vasca.

Por suposto que, xunto coa literatura moderna, seguíronse a publicar un gran número de obras clásicas e tradicionais. A anteriormente mencionada *Abarrak* xunto con *Permando Amezketarra* foron frecuentemente editadas nestes anos. Obras de autores actuais como *Proxpero* (1988), *Txerrama errudun* (1994) ou *Murtxanteko lapurrak* (1988) reflicten unha sociedade rural igual que a de hai cen anos. Por outra banda, tamén se editaron gran cantidade de libros baseados nos contos populares, a maioría deles froito do labor que realizaron investigadores ao longo deste século, pero tamén houbo novas achegas valiosas e interesantes como é o caso da recompilación de contos *Kontu zaarrak* (1980) realizada por Joxe Arratibel e que nos ofrece algunhas versións vascas de contos tan coñecidos como “Alí Baba e os corenta ladróns” co seu “abrite portas kris-kras” ou o conto “Marixor”, a nosa Cincenta. Arratibel, ademais, soubo conservar a frescura e orixinalidade ao longo de 50 anos.

91

Por último, as necesidades dunha literatura con pouca tradición lévannos a procurar as raíces culturais non só nos contos populares, senón que tamén orixinan recompilacións de historias, anécdotas ou sucesos coñecidos tanto pasados (*Petu eta Marixe, mila eta bat komerixe*, 1993, do escritor A. Lertxundi sería un exemplo disto), coma contemporáneos (como son as dúas obras escritas ao redor da figura do coñecido bertsolari Lazkao Txiki e publicadas en 1994 e 1995).

Correntes actuais na Literatura Infantil e Xuvenil Vasca

Xunto á xa mencionada literatura de tradición oral e as súas versións actuais, dentro da fantasía o lector pode atopar obras enmarcadas dentro do realismo fantástico (“relatos que incluyen personajes, poderes, lugares, etc., maravillosos y mágicos no necesariamente relacionados con la tradición popular”, Valriu, 1994: 147) e a ciencia ficción (aínda que é verdade que dentro desta última corrente son moi poucas as obras publicadas).

É innegábel a influencia de Rodari e a súa *Gramática da fantasía* nalgúns escritores e sobre todo nalgunhas obras (*Tristeak kontsolatzeko makina* (1981), *Kaskarintxo* (1982), *Nire belarriak* (1984), etc.), ao igual que a combinación existente entre a mitoloxía e as aventuras (*Marea biziak zozomikotean*, 1991), ou a utilización dalgún elemento marabilloso (*Asier eta egia gurutzatuen liburua*, 1995). Tamén os animais teñen un gran peso nas obras fantásticas da Literatura Infantil Vasca contemporánea e así temos xunto a historias con animais protagonistas (*Astakiloak jo eta jo*, 1993), outras onde a estes se lles adxudican unhas cualidades especiais (*Egunez parke batean*, 1993; *Gazuez zoo batean*, 1994, etc.).

92

Podemos indicar, polo tanto, que a combinación de elementos fantásticos e realistas deu lugar a toda unha serie de obras que van dende as anteriormente indicadas ata as obras con trasfondo psicolóxico (*Chuck Aranberri dentista baten etxean*, 1982, sería un exemplo disto) ou mesmo de viaxes (*Hakuna Matata*, 1995).

A ciencia ficción, en cambio, conta con poucos seguidores entre os escritores da Literatura Infantil e Xuvenil Vasca. A excepción da colección de cómics “Alfer”, só se publicaron unhas poucas obras. *Euskaldun bat Marten* (1982) é a primeira obra de ciencia ficción publicada en éuscaro, pero haberá que esperar oito anos para que se poida ler esta obra dentro desta corrente: *2.061: antzinako kronikak* (1990); tanto esta última obra coma *Shangai Tom espazioko zaindaria* (1992) móstrannos unha sociedade futura e afastada tanto no tempo coma no modo de sociedade. En cambio, a última obra de ciencia ficción publicada *Olioa urpean* (1998) ofrécenos unha visión crítica e irónica sobre a nosa sociedade a través dun futuro non moi distante.

É sintomático que a falta ou abundancia de publicacións dentro dunha ou doutra corrente se dea en toda a literatura e non unicamente na literatura

infantil e xuvenil. Na literatura para adultos, por exemplo, tamén se poden contar cos dedos dunha man as obras de ciencia ficción.

Os libros de aventuras estiveron presentes na literatura infantil e xuvenil dende hai moitos anos e, hoxe por hoxe, seguen sendo atractivos para aqueles lectores que procuran a acción. Nas letras vascas xunto a traducións de clásicos como *A illa do tesouro*, *Kim*, *As viaxes de Gulliver*, as obras de Mark Twain ou de J. Verne, temos gran cantidade de orixinais escritos en éuscaro. Dende obras de autores cunha soa publicación, como poden ser *Nire ibilaldiak* (1982), de Mertxe Olaizola ou *El Dorado-ren bila* (1989), de Arantxa Mendieta ata novelas de importantes escritores como A. Espaltza (*Lur zabaletan*, 1994), Aitor Arana (*Afrikako semea*, 1991), ou Txiliku (*Indianoa*, 1993). É notoria nestas obras a influencia das grandes novelas de aventuras do século XIX (na novela de A. Arana é moi clara a relación existente con autores como Salgari, Stowe ou Stevenson), así como a intención de reflectir as condicións da época ou o fenómeno da emigración de vascos a América.

Dentro das novelas de aventuras existe toda unha serie de obras onde a cuadrilla de rapaces é a protagonista. Son obras que teñen as súas orixes nos libros de Enid Blyton, S.E. Hinton, Sorribas ou Carbó (autores traducidos ao éuscaro durante a década dos 80, ao igual que o libro de Erich Kästner, *Emilio e os detectives*). Así *Martinello eta sei pirata* (1986), do escritor Pako Aristi deu inicio a unha serie de obras de aventuras coa mesma cuadrilla de rapaces como protagonistas, ao igual que *Zikoinen kabian sartuko naiz* (1986), de J. Iturralde.

Pero se os libros de aventuras tiveron a súa importancia na Literatura Infantil e Xuvenil Vasca, moito maior foi e é a dos libros de humor. Dende aqueles que contan situacións divertidas ata os libros de chistes ou anécdotas, e dende os tradicionais como *Abarrak* (publicado orixinalmente en 1918 e reeditado para nenos en 1981), *Pernando Amezketarra* (1927, reeditado en 1981), *Purra! Purra!* (1953, reeditado en 1987-88), *Pernando Plaentziarra* (1957, reeditado en 1984), etc., ata as obras máis recentes e modernas como *Kutsidazu bidea*, *Ixabel* (1994).

Non cabe dúbida de que o humor anima a ler e que é un elemento moi importante na literatura infantil e xuvenil. Mesmo moitos temas “serios” como a falta de comunicación (*Fulieta*, *Romeo eta saguak*, 1994) ou os compromisos sociais (*Xola eta basurdeak*, 1996) son tratados dende un punto onde o humor ten grande importancia.

Nestes últimos anos traducíronse gran cantidade de obras humorísticas de autores como Gosciny, Roald Dahl, Rodari..., pero ademais tamén se publicaron obras orixinais de ambiente rural como *Pottoko* (1984), *Txerrama errudum* (1994), recompilacións de chistes e anécdotas como *Donostiarrok txantxetan* (1982), *Barrezka* (1988), *Txisteka misteka* (1991) ou as anteriormente mencionadas sobre o bertsolari Lazkao txiki, xunto con antoloxías (*Horrela bizi bagina beti*, 1991) ou contos con certo toque de humor (*Txitoen istorioa*, 1984, ou *Tilin-talan*, 1992).

Ao igual que o humor e a aventura, o misterio e a novela policíaca teñen tamén gran presenza na literatura xuvenil. Trátase de obras onde os mozos adoitan ser case sempre os protagonistas das investigacións e onde fronte á violencia da literatura para adultos, a audacia e a intelixencia son os valores que priman.

94 Dende que en 1995 se escribise a primeira novela policíaca en éuscaro (*Amabost egun urgain'en*), este xénero tivo unha grande aceptación por parte dos mozos. En 1981 a editorial Erein iniciou a súa colección de literatura infantil e xuvenil cunha obra deste xénero: *Portzelanazko irudiak*, novela ao máis puro estilo de E. Blyton; unha das primeiras obras de X. Mendiguren foi *Tangoak ez du amaierarik* (Elkar, 1988) ambientada en Buenos Aires e onde a represión política se mestura coa intriga no mundo do circo. Tamén houbo escritores dunha soa obra como Amaia Ormaetxea con *Erinias taberna* (1990) onde se describe a investigación dunha morte ocorrida nun incendio, xunto a autores como Joxemari Iturralde con toda unha serie de obras nas que tamén fixo un oco para a intriga; *Sute haundi bat ene bibotzean* (1994). Pero sen lugar a dúbidas a colección de novelas policíacas para mozos máis importante da Literatura Infantil e Xuvenil Vasca é a que ten como protagonista a unha mestra con afeccións detectivescas: “Madame Kontxesi-Urbe, Brigada & Detektibe”. O humor, a ironía e a sátira mestúranse nesta colección que ten algo de Mrs. Marple e de Axente 007 (a loita contra o malvado Von Salchichen prolóngase ao longo de toda a colección).

Por suposto que as traducións tamén axudaron a que hoxe en día exista unha gran variedade de obras policíacas en éuscaro (aínda que esteamos lonxe da produción que se dá en catalán, por exemplo). A. Martín e J. Ribera, M. Neuschäfer-Carlón ou H. Jürgen Press son coñecidos e apreciados polos mozos no País Vasco.

Pero tal vez onde se deu un maior cambio dentro da Literatura Infantil e Xuvenil Vasca foi en todas aquelas obras de crítica social ou que nos axudan a coñecernos un pouco máis, todas aquelas insertadas dentro da corrente do realismo crítico. Dende a utilización de elementos tradicionais ata as novas técnicas narrativas serven de soporte a estas obras que fan reflexionar ao lector.

En 1982 a escritora Mariasun Landa recibiu o Premio Lizardi cun conto sobre a relación dunha nena cun fantasma, a falta de cariño, a soidade e a incompreensión dos adultos dá lugar á devandita relación; Karmentxu, fronte ao mundo dos adultos, busca refuxio no animismo e a imaxinación. *Txan fantasma* (1984) é unha das primeiras obras da Literatura Infantil e Xuvenil Vasca moderna, non só pola temática senón tamén pola técnica narrativa. E esta primeira obra deu lugar a toda unha serie de publicacións interesantes e de gran calidade onde se nos presenta a nosa sociedade e o mundo infantil e xuvenil. Obras como *Dado iratxoa* (1986) dos escritores S. Calleja e X. Monasterio que nos ofrecen a historia dun rapaz de nove anos que está enfermo, ou *Matias Ploff-en erabakiak* (1992) onde se propón o problema da obesidade, a primacía dos valores... Outros temas que se presentan na literatura infantil e xuvenil actual son máis actuais (como os nenos superdotados que aparecen en *Urrutiko intxaurrak*, 1996) ou máis xerais (a morte de *Gauetz zoo batean*, 1993, ou o amor que se nos presenta en *Maria eta aterkia*, 1988). Esta última obra, que trata sobre a relación entre unha nena e un paraugas, tamén foi escrita por Mariasun Landa, sen dúbida o principal expoñente do realismo crítico na Literatura Infantil e Xuvenil Vasca. Obras como *Julietta, Romeo eta saguak* (1994), onde a través dos ollos duns ratos e en clave de humor se fala da soidade e a falta de comunicación entre as persoas, ou *Alex* (1990), onde o protagonista é un antiheroe, xunto con *Nire eskua zurean* (1995), conto iniciático sobre o amor, a dependencia materna, os sentimentos adolescentes... son claros exemplos do anteriormente indicado.

A partir da segunda metade da década dos 80, o realismo crítico foi gañando terreo na literatura vasca, as traducións de obras de autores como U. Wölfel, F. Hetmann, M. Gripe, Ch. Nöstlinger, P. Härtling, T. Haugen, etc. contribuíron a iso. Hoxe en día o abano de obras escritas en éuscaro abrangue practicamente toda a temática social. O problema da militarización ou o uso da violencia (*Joxeme gerrara daramate*, 1992; ou *Marigorringoak began*, 1994), a ecoloxía (*Desafioa*, 1988; *Hiru lagun*, 1995; *Joxepi dendaria*, 1984), a familia (*Txitoen istorioa*, 1984; *Jaun agurgarria*, 1993), a pobreza (*Kittano*, 1988), a

emigración (*Bi letter jaso nituen oso denbora gutxian*, 1984; *Lur zabaletan*, 1994; *Eztia eta ospina*, 1994), a inmigración (*Eddy Merckxen gurpila*, 1994), o paro (*Harrika*, 1989), o amor (*1948ko uda*, 1994), a liberdade (*Asto bat hypodromoan*, 1984; *Potx*, 1992; *Tristuraren teoria*, 1993; *Bebi euskaldun baten memoriak*, 1991), etc., aparecen reflectidos en obras de calidade escritas nestes últimos anos.

Xéneros literarios

Todas as obras modernas mencionadas anteriormente corresponden ao xénero narrativo. Pódense contar as obras de teatro escritas para nenos en éuscaro. Nos anos 70 L. Iriondo publicou un par de obras e a principios dos anos 80 Marijane Minaberry recibiu o Premio “Toribio Altzaga” concedido pola Real Academia da Lingua Vasca-Euskaltzaindia, pola súa obra teatral infantil *Haur antzerki* (1983). Farán falta máis de 10 anos para que en 1994 Manu López Gaseni publique *Andoni eta Maddalenen komediak*, obra dividida en 32 pezas breves que reflecten un curso escolar na vida dos protagonistas.

96

Por outra banda, Xabier Diaz Esarte publicou dous libros onde se recollen as súas creacións teatrais para nenos: *Sei haur-komedia, A zer nolako Komeria!* (1995) e *Teloiaz bestaldean* (1997).

En canto ao outro gran xénero literario, a poesía, a situación variou completamente a partir de 1992. Ata esa data practicamente non existe ningunha obra moderna. Houbo, é verdade, varias publicacións nos anos 70 (algunhas realizadas polos mesmos mozos), pero exceptuando algún libro con raíces folclóricas non existe ningún de poesía infantil en éuscaro durante a década de 1980. En 1992, prodúcese o cambio. Juan Kruz Igerabide publica *Begi-niniaren poemak* (publicado posteriormente nunha edición bilingüe por Hiperión como *Poemas para la pupila*, 1995), este poemario con claras influencias orientais supuxo todo un acontecemento na Literatura Infantil e Xuvenil Vasca. Poemas como

BAKARDADEA

Bide bat hutsik
lautada handitik:
haur bat, bakarrik,
eta inor ez eskutik.

(Iguerabide, 1995: 69)

SOIDADE

Un só camiño
na gran chaira:
un só neno,
sen ninguén da man.

serviron para que a poesía, xénero con tan longa tradición na literatura vasca, descubrixe a literatura infantil e xuvenil. Durante os anos anteriores houbo toda unha serie de obras que se podían cualificar como narrativa poética (Pello Añorga ou Patxi Zubizarreta serían algúns dos expoñentes destas obras), pero a partir desta primeira obra de poesía xurdiron outras como *Egun osoarako poemak eta beste* (1993) ou *Haur korapiloak* (1997), escritas tamén por J.K. Igerabide, *Metak eta kometak* (1994), obra escrita por J.M. Irigoien e onde se recollen dende poemas ata xogos de palabras e definicións, o mesmo que no libro *Hitzak jostailu* (1994), do escritor Joxean Ormazabal, o poemario para primeiros lectores *Denboraren kanta-kontuak* (1995), realizado por Yolanda Arrieta e ilustrado por Asun Balzola ou o libro de literatura xuvenil *Kartapazioko poemak* (1998), escrito por Igerasoro (pseudónimo dos escritores Igerabide e Linazasoro). Por outra parte tamén debemos incluír dentro deste xénero as obras con notoria influencia do versolibrismo como o libro *Bazen behin, Behin bazen* (1995), do escritor Antton Kazabon, ou o libro *Txukunago ibiltzen da kostako trena* (1992), de Pello Esnal.

De todas maneiras non nos debemos enganar por este pequeno boom da poesía infantil e xuvenil, existen grandes altibaixos na calidade das obras, mesmo dentro das obras. Pero á súa vez é positivo que ata cinco editoriais distintas teñan obras de poesía no seu catálogo e que algunhas desas obras fosen finalistas no Premio Nacional de Literatura Infantil e Xuvenil.

Os libros ilustrados e o cómic

Os libros ilustrados, obras onde a ilustración a cor prima sobre o texto na maioría dos casos, adoitan ser moitas veces un bo barómetro para coñecer cál é a verdadeira situación da literatura infantil nunha lingua. No caso da literatura vasca o reducido do mercado e a debilidade das editoriais dan lugar a que practicamente non existan libros ilustrados creados polos nosos autores. Ao contrario do que ocorreu a principios da década dos 80 cando editoriais como Erein e Elkar iniciaban a súa andaina na literatura infantil con libros de gran calidade (*Ernioko Ziripot*, 1981; *Udaberia*, 1981 e *Lotara joateko ipuinak*, 1982, foron premiados polo Ministerio de Cultura), hoxe en día pódense contar cos dedos dunha man os libros ilustrados infantís editados ao ano en éuscaro. O álbum infantil desapareceu do mercado e tan só as coedicións de libros realizados noutras linguas se publican en éuscaro. *Teo, Ibai, Charlie Rivel, Kiriko*

(*Guillén* en castelán), *Babar*, etc., son un claro exemplo desa dependencia literaria.

As mesmas razóns, redución do mercado e carestía da edición, son as que explican que haxa tan poucos cómics en éuscaro. Neste eido, de todas maneiras, hai que destacar o labor realizado pola editorial Erein que ano tras ano foi publicando unha serie de álbumes. A colección “Ipurbeltz-ale bereziak” no eido infantil e “Justin Hirriart” no xuvenil son claros exemplos dese labor.

A editorial Elkar, pola súa parte, publicou unha serie de álbumes dentro da súa colección “Alfer” a mediados da década dos 80 sen que tivesen continuidade. E a editorial Lur, cunha marcada intencionalidade instructiva, creou unha serie protagonizada por Gabai, que realiza un percorrido a través da historia do País Vasco.

No eido da literatura xuvenil durante o período 1985-1992 o Goberno Vasco editou unha serie de álbumes na súa colección “HABEKO MIK”, obras dirixidas ao público adulto pero moitas delas interesantes para o público xuvenil.

98

Exceptuando estas obras (e algunha outra como os álbumes dos pallasos Txirri, Mirri e Txiribitón editados por Ibaizabal en 1997) o gran peso dos álbumes de cómics publicados en éuscaro constitúeno traducións de obras clásicas como *Ivanhoe*, *William Tell*, *Dick Turpin*, etc. ou as aventuras de *Tintín* ou *Astérix* coeditadas pola editorial Elkar.

As revistas

Estreitamente ligadas aos álbumes infantís, moitas veces como complemento deles e outras como orixe dalgúns deles, temos as revistas infantís. Dende que en 1980 se publicasen *Kili-Kili* (1979) e *Ipurbeltz* (1980), houbo outros intentos pero hoxe en día tan só estas dúas revistas continúan. Mentres que *Kili-Kili* é un proxecto individual e cunha clara dependencia das traducións (*Zipi e Zape*, *Mortadelo e Filemón*, etc., son personaxes que aparecen nesa revista), *Ipurbeltz* é unha revista da editorial Erein que serviu de plataforma a gran cantidade de ilustradores. Ademais de contribuír á publicación de varios álbumes de cómic.

Este mesmo ano 1998 veu como desaparecían outras dúas revistas. *Xirrixta*, creada en 1992 e destinada á franxa 4-8 anos, e *Kometa*, creada en 1996 e destinadas a mozos entre 8 e 12 anos. Estas publicacións contaban co apoio do grupo francés Milan e tras varios anos publicando un produto de gran calidade que contou coa colaboración de escritores e ilustradores como Atxaga, Mariasun Landa, Patxi Zubizarreta, J.K. Igerabide, J. Mitxelena, M. Valverde, etc., tiveron que deixar de saír polos problemas económicos derivados dun mercado reducido e pouco acostumado a este tipo de publicacións.

Crítica literaria

Como moi ben indica Roseell nun artigo sobre a crítica da literatura infantil: “además de no haber avanzado como sector de la literatura para adultos, la crítica de la literatura infantil tampoco ha evolucionado al mismo ritmo que la materia de la cual se ocupa”. Esta afirmación tamén é válida para a literatura vasca. Efectivamente, a evolución que se deu nestes anos tanto na cantidade coma na calidade das obras non foi acompañada por unha crítica literaria. É verdade que houbo algúns seminarios, cursos, mesmo algunhas publicacións e que comezaron a lerse teses doutorais na Universidade, pero se se compara a importancia que ten a literatura infantil e xuvenil na produción editorial e a repercusión que ten nos medios de comunicación, na crítica especializada, etc., apréciase un gran desequilibrio que entre todos pouco e pouco deberemos ir corrixindo. Este é, sen dúbida, un dos grandes retos da literatura infantil e xuvenil en xeral, e da vasca en particular.

99

Xabier Etxaniz Erle

Bibliografía

Cendán Pazos, F., *Medio siglo de libros infantiles y juveniles en España (1935-1985)*, Madrid: Fundación Germán Sánchez Ruiperez-Ed. Pirámide, 1986.

García Padrino, J., *Libros y literatura para niños en la España contemporánea*, Madrid: Fundación Germán Sánchez Ruiperez-Ed. Pirámide, 1992.

Iguerabide, J.C., *Poemas para la pupila - Begi-niniaren poemak*, Madrid: Hiperión, 1995.

Orquin, F., "La literatura infantil reivindica hermosas historias bien contadas", *El libro español*, 309, 1984, pp. 28-32.

Roseel, J.F., "La crítica de la Literatura Infantil: Un oficio de centauros y sirenas", *Amigos del Libro*, 29, 1995, p. 29.

Rovira, T., "La literatura infantil i juvenil" apèndix a *Història de la literatura Catalana*, Riquer, Comas, Molas, Barcelona: Ariel, 1988, pp. 421-471.

Sarasola, I., *Euskal Literatura Numerotan*, Donostia: Kriselu, 1975.

Valriu i Llinas, C., *Història de la Literatura Infantil i Juvenil Catalana*, Barcelona: Pirene, 1994.